

Unha onda privatizadora percorre todo o país

Durante anos, o goberno da Xunta e máis o central impulsaron todo tipo de privatizacións. Feijóo leva 5 anos na Xunta; **nunca un goberno, en tan pouco tempo, fixo tanto dano á Sanidade Pública e ás usuarias e usuarios.**

O señor Feijóo e a señora Mosquera atacan a Sanidade Pública e o seu persoal con privatizacións, co copagamento e cos continuos recortes salariais, de días libres, coberturas de I.T. e mingando cadros de persoal, non repoñendo as xubilacións. Non contratan, e priman a voluntariedade en atención primaria e as horas extras en especializada e a concertación coa sanidade privada.

Para vender a sanidade, queren facelo co mínimo número de traballadoras e traballadores/as públicos/as, e aqueles/as que queden terán salarios reducidos e escasos dereitos. Evidentemente, non apostan pola Sanidade Pública, gratuíta no momento do uso, universal e de calidade. Non cren nin queren crer nela. Apostan polo negocio e para iso precisan cadros de persoal precarios, menor cobertura sanitaria para a cidadanía e menor gasto. Cantos menos cartos empreguen en saúde, maiores serán os beneficios das empresas, xa que o seu negocio é a enfermidade.

**Privatizano todo: servizos, persoal, tecnoloxía...
todo vale, todo pola pasta.**

Agora inventan "a pólvora" e aparecen co seu modelo de xestión clínica. As/Os dirixentes do SERGAS preséntano como un fetiche de moda; como se ata o de agora nos hospitais, e en atención primaria, non se fixesen actos de xestión clínica. Non te deixes enganar, co n este decreto de xestión clínica, queren seguir precarizando a sanidade e a saúde. Por iso falan dun presuposto pechado e máis reducido. Trátase de aforrar en contratación e en probas diagnósticas; onde poderán expulsar miles de crónicos do sistema. O decreto de xestión clínica non o fan para mellorar, senón para abrir un novo camiño, un máis, para privatizar a sanidade. Por iso, no futuro poderán exixir a laboralización do persoal, inda que o neguen; e por iso modificaron o Estatuto Marco o pasado 25 de xullo, no artigo 65 bis, e así pasar a unha concepción individual do contrato e das condicións de traballo e salario.

Queren privatizar, queren austeridade para profesionais e usuarios/as e buscan trasladar a responsabilidade dos recortes ás traballadoras e traballadores. Asinando un "contrato", serán os/as propios/as profesionais quen recorten en cadros de persoal, en probas diagnósticas; serán eles/as quen xustifiquen o austericidio e a privatización. Non piques, non apoies este modelo de xestión clínica.

Non permitamos esta desfeita, non consintamos que outra vez, e pola porta de atrás, continúen coas privatizacións e nos neguen o DEREITO Á SANIDADE PÚBLICA, UNIVERSAL E DE CALIDADE e, por suposto GRATUITA, sen copagamentos nin repagamentos... PORQUE XA A PAGAMOS COS NOSOS IMPOSTOS

Porque aínda estamos a tempo, porque non queremos que nos sigan recortando dereitos e privatizando a nosa sanidade, **CCOO** e **CIG** convocamos **FOLGA XERAL NA SANIDADE PÚBLICA GALEGA OS DÍAS 9 e 10 DECEMBRO**. E queremos buscar a complicitade da cidadanía que sofre os recortes de prestacións e a privatización da sanidade .

Participa! Non te deixes enganar! Non te deixes avasalar!

Sanidade Pública e de Calidade! Condicións Laborais dignas!



9 e 10 de decembro

FOLGA XERAL NA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

- x Non ás privatizacións
- x Non aos copagamentos
- x Non aos recortes
- x Por unha sanidade pública de calidade
- x Por unhas condicións laborais dignas
- x Polo acceso universal á sanidade
- x Pola gratuidade da prestación

Participa! Non te deixes enganar! Non te deixes avasalar!

Sanidade Pública e de Calidade! Condicións Laborais dignas!